



## Concello A Guarda

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 05 DE SETEMBRO DE 2017.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día cinco de setembro de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

**D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez**  
**D. Miguel A. Español Otero**  
**D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**  
**D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**  
**D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

**Asiste como Secretario o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATAS 11 E 27 DE XULLO E 22 DE AGOSTO DE 2017.**

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 11 e 27 de xullo e 22 de agosto de 2017 ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas, polo que as referidas actas foron aprobadas pola unanimidade dos concelleiros presentes en cada unha.

#### **PUNTO 2.- EXPEDIENTE 1768/2017.- DAR CONTA DO INFORME EMITIDO POLO SERVICIO DE RECLAMACIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DE SEGUROS DE PENSIONES**

Dase conta á Xunta de Goberno Local do informe emitido 04.07.2017 polo Servicio de reclamaciones de la Dirección General de Seguros de Pensiones no expediente nº 3692/2016 tramitado á raíz da reclamación formulada polo concello da Guarda solicitando o pago á Aseguradora Generali do importe de 57.209,40€ máis os intereses legais de dita cantidade que foi obxecto de recoñecemento polo Concello da Guarda mediante decreto do 18.02.2015 en concepto de responsabilidade patrimonial a favor da Comunidade Hereditaria de D. José Vicente Ferreira froito da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada contra o Concello da Guarda o 7 de xaneiro de 2008 derivada da anulación de licencia de obras por sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido deste informe e acorda dar traslado do mesmo ó Alcalde para que entable demanda civil contra a compañía aseguradora GENERALI ESPAÑA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS.



## Concello A Guarda

### **PUNTO 3.- EXPEDIENTE 1766/2017. DAR CONTA DO INFORME XURÍDICO SOBRE A SENTENZA DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO PROCEDIMENTO 4192/2017.**

Dase conta da sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 22-6-2017 no recurso de apelación n.º 4192/17 establecido polo Concello da Guarda contra o auto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 3 de Pontevedra o 20-2-2017 na peza de execución de sentenza n.º 70/2016 dimanante do recurso contencioso-administrativo n.º 100/02 establecido pola Xunta de Galicia contra o Decreto 258/02 do Alcalde da Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno da Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a D. ROQUE RODRIGUEZ ALVAREZ, aínda que hoxe titular da mesma D. Luciano Vázquez Varela.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica e acorda dar traslado da mesma á oficina técnica municipal para a súa constancia no expediente así como ó órgano competente para que acorde entablar o recurso de casación ante o Tribunal Supremo.

### **PUNTO 4.- EXPEDIENTE 1744/2017.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO**

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-DEPENDENCIA

TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia DEPENDENCIA, emito o seguinte informe-proposta de resolución Antecedentes:

Primeiro: Na listaxe do PAR de SAF xerada o 09/08/2017 da Xunta de Galicia aparece Celsa Fernández Potti en lista de agarda en primeiro lugar con un grado III e 94 puntos, correspondéndolle 70 horas mensuais como máximo.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda asignándolle ás 41 horas mensuais dispoñibles até este momento.

Lexislación aplicable:

Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, por el que se regula el procedimiento para el reconomicimiento de la situación de dependencia y del derecho a las prestaciones del sistema para la autonomía y atención a la dependencia, el procedimiento para la elaboración del Programa Individual de Atención y la organización y funcionamiento de los órganos técnicos competentes.

- Orden 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.



## Concello A Guarda

---

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia a Celsa Fernández Potti con 41 horas mensuais comprometéndonos a asignarlle a totalidade cando se dispoñan delas.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

### **PUNTO 5.- EXPEDIENTE 382/2017.- DAR CONTA DO INFORME XURÍDICO SOBRE A PROVIDENCIA DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA O 24.07.2017 NA PEZA DE EXECUCIÓN DA SENTENCIA Nº 32/2008.**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da providencia ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra o 24.07.2017 na peza de execución da setencia nº 32/2008 sobre o recurso contencioso-administrativo nº 299/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o Decreto 258/02 do Alcalde de A Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno da Guarda pola que se concedeu a licenza de obra para unha vivenda unifamiliar a D. DOMINGO CIVIDANES FRANCO, no cal se acorda:

"REQUERIR AL AYUNTAMIENTO DE A GUARDA, a través de la persona del SR. ALCALDE del mismo, para que proceda a EJECUTAR completamente la Setencia de la que deriva la presente ejecución, en un plazo máximo de 3 meses, con expreso apercibimiento de imposición de multas coercitivas de 150,25 € a 1.502,53 €, en caso de no proceder a dar cumplimiento a la Sentencia firme, así como los demás apercibimientos contenidos en el Artículo 112 de la Ley 29/1998, de 13 de Julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa."

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da providencia que se comunica e acorda dar traslado á oficina técnica municipal para a súa constancia no expediente. Asimesmo acorda dar traslado á Alcaldía para que acorde:

- entablar recurso de reposición contra dita providencia ante o xulgado nº 1 de Pontevedra.
- Interpoñer demanda ante o Xulgado de Primeira Instancia de Tui contra a Aseguradora Generali reclamando o pago da indemnización correspondente máis os intereses procedentes.

### **PUNTO 6.- EXPEDIENTE 111/2017.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CAMBIO DE CONTIDO DA SUBVENCIÓN SOLICITADA PARA O PROXECTO DE ADAPTACIÓN ELÉCTRICA DO PAVILLÓN DA SANGRIÑA.**

#### PROPOSTA DA ALCALDÍA

Con data 26 de maio de 2017 o Concello da Guarda solicitou unha subvención a Deputación Provincial de Pontevedra ó abeiro do Plan Concellos 2017 para o proxecto: "Adaptación da instalación eléctrica en baixa tensión en pavillón de deportes existente". O orzamento previsto desta actuación era de 46.759,07 euros, dos cales 15.843,98 euros serían financiados pola Deputación con cargo á subvención antedita e os restantes 30.915,09 euros se executarían con



## Concello A Guarda

---

cargo a unha axuda da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Logo de manter reunións con representantes da Administración Autonómica este Concello conseguiu o compromiso de financiamento dun proxecto máis ambicioso por parte da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Este novo proxecto denominado “Adaptación das instalacións existentes en baixa tensión e instalacións de fontanería no pavillón de deportes” ten un orzamento total de 55.000 euros, dos cales 40.000 euros serán financiados pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en virtude dun convenio de colaboración. Deste xeito, a Deputación Provincial de Pontevedra participará na cantidade de 15.000 euros.

Por todo o anterior, considerando que se producen circunstancias excepcionais que o xustifican, e de acordo coa base décimocuarta do Plan Concellos 2017, propónse á Xunta de Goberno Local:

a) Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra o cambio do contido da subvención solicitada para o investimento “Adaptación da instalación eléctrica en baixa tensión en pavillón de deportes existente” por importe de 15.843,98 euros para poder aplicala ós seguintes investimentos:

- 1) Adaptación das instalacións existentes en baixa tensión e instalacións de fontanería no pavillón de deportes.
- 2) Adquisición de deshumidificador industrial.

b) A adopción do seguinte acordo

- 1) Realizar a finalidade obxecto de subvención denominada “Adaptación das instalacións existentes en baixa tensión e instalacións de fontanería no pavillón de deportes”
- 2) Aprobar o proxecto técnico denominado “Adaptación das instalacións existentes en baixa tensión e instalacións de fontanería no pavillón de deportes”
- 3) Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 15.000,00 euros con cargo o Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017), asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación de Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.
- 4) Colaborar no seu financiamento coa achega da contía de 0 euros. O órgano que adopta esta acordo é competente para comprometer esta achega.
- 5) Os terreos precisos están dispoñibles para a normal execución das obras e tamén as licenzas, as autorizacións e as concesións administrativas para levalas a cabo.
- 6) Dar conta desta resolución ó Pleno na próxima sesión que se celebre.

c) A adopción do seguinte acordo

- 1) Realizar a finalidade obxecto de subvención denominada “Adquisición de deshumidificador industrial”
- 2) Aprobar o proxecto técnico, memoria descritiva ou documento análogo denominado “Adquisición de deshumidificador industrial”.
- 3) Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 843,98 euros con cargo o Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017), asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación de Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.



## Concello A Guarda

---

- 4) Colaborar no seu financiamento coa achega da contía de 524,12 euros. O órgano que adopta esta acordo é competente para comprometer esta achega.
- 5) Dar conta desta resolución ó Pleno na próxima sesión que se celebre.

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros, aprobar a proposta nos termos en que foi redatada

### **PUNTO 7.- ASUNTOS VARIOS.**

---

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar o sr. Presidente da por rematada a sesión ás 09:30 horas da que eu como secretario dou fe.